

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 23 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se dá publicidade da resolución pola que se outorga a autorización ambiental integrada a CZ Veterinaria, S.A. para a planta de fabricación de especialidades farmacéuticas de uso veterinario que se localiza no lugar da Relva, no concello do Porriño (Pontevedra).

De conformidade co disposto no artigo 24.3 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316, do 31 de decembro), dáse publicidade á seguinte resolución:

Instalación: planta de fabricación de especialidades farmacéuticas de uso veterinario	Procedemento: autorización ambiental integrada
Titular: CZ Veterinaria, S.A.	Núm. rexistro AAI: 2017-IPPC-45-345
Localización: A Relva, O Porriño (Pontevedra)	

Esta resolución poderá consultarse en <https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada> ou presencialmente na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, rúa San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

